

PROGRAMACIÓN DA MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

1. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

UD1. O planeta Terra e a súa representación

UD2. O relevo terrestre

UD3. As augas

UD4. O tempo e o clima

2ª AVALIACIÓN

UD5. As sociedades prehistóricas

UD6. As civilizacións fluviais: Mesopotamia e Exipto

UD7. A civilización grega

3ª AVALIACIÓN

UD8. A civilización romana

UD9. O territorio de España e Galicia na Antigüidade

UD10. As expresións artísticas na Antigüidade

2. MATERIAIS

- Ordenadores individuais proporcionados polo programa Edixgal. O alumnado seguirá as explicacións da docente a través dos seus ordenadores e a pizarra dixital.
- Aula Virtual, onde o alumnado disporá de toda a información relativa á materia (enlaces á plataforma de traballo, documentación, recursos audiovisuais...)
- Recursos dispoñíbeis na plataforma viaxeaitaca.net. Os materiais utilizados para realizar as tarefas e as probas escritas atópanse en formato PDF para descargar en dita plataforma. Ademais, parte das tarefas son interactivas, polo que se realizarán directamente no ordenador.
- Caderno individual do alumnado. Cada alumno ou alumna deberá imprimir os materiais de cada unidade e pegalos no caderno (pode ser unha libreta ou un archivador con organizadores). Ademais, parte das actividades realizaranse de forma manual no caderno.
- Material para elaborar os traballos, xeralmente entregado pola profesora.

3. AVALIACIÓN

A cualificación de cada unha das avaliacións en que se divide o curso será o resultado da suma das seguintes puntuacións:

- 60% das probas escritas entregadas á docente.
- 30% das tarefas (individuais e grupais), que a profesora avaliará mediante a supervisión do caderno e dos traballos entregados. Valorarase o grao de cumprimento das tarefas, a puntualidade na súa presentación, a expresión escrita e a propia presentación (orde e limpeza).
- O restante 10% é o resultado do grao de implicación e a valoración da iniciativa e a autonomía persoal, e será avaliado mediante a observación directa e diaria na aula por parte da docente. Terase especialmente en conta a evolución do alumno ou alumna ao longo do curso.

A cualificación total inferior a 5 implica o suspenso na avaliación e a necesidade de realizar unha proba de recuperación ao comezo da seguinte. Nesta recuperación teranse en conta as cualificacións de traballos e actividades nun 40%.

A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das notas das tres avaliacións.

4. CONTACTO E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A profesora que imparte a materia é Ángela Guillán, e o seu correo electrónico angelaguillan@edu.xunta.gal. As familias poden chamar ao centro para concertar unha cita de atención telefónica coa docente, que ten horario de atención a familias os